

VIII GALA DO DEPORTE MECO

Como en anos anteriores, e co obxecto de premiar aos nosos deportistas que máis se teñan distinguido durante a tempada 2010/2011, o Ilmo. Concello do Grove, celebrará o vindeiro día 30 de marzo no Pavillón Municipal do Grove as 20.30 horas a VIII Gala do Deporte Meco.

Solicitamos a todos os clubs e entidades deportivas da nosa localidade, persoas físicas e outras entidades que envíen as súas propostas antes do día 19 de marzo ata as 14:30 h.

As propostas deberán presentarse no concello por rexistro, debidamente argumentadas e co maior número de datos posibles, que fagan referencia soamente aos méritos do ano 2011.

BASES – CONVOCATORIA

1. Na presente convocatoria dos premios ao deporte meco tan só se valorarán os resultados e méritos obtidos durante o ano 2011.

2. A selección de persoas e entidades que se premiarán corresponderá á Comisión formada para tal fin polo Sr. Concelleiro de Deportes xunto cos clubs inscritos no REDIM e, en caso de empate, periodistas deportivos da Comarca. Cada clube unha vez pechado o prazo de entrega de propostas o día 19 terá un prazo de 3 días (ata o 22 de marzo as 14:30h) para nomear os seus gañadores en cada apartado, non podendo votar polos candidatos propostos con anterioridade por eles mesmos. As propostas serán enviadas por correo electrónico a todos os clubs o mesmo día 19. Os clubs poderán reenviar as súas propostas por este mesmo medio ou polo que eles consideren máis oportuno.

3. A Comisión actuará baseándose nas propostas formuladas por clubs deportivos, persoas físicas e outras entidades, e podendo a Comisión facer cantas investigacións e consultas crea convenientes para recadar información sobre as candidaturas recibidas.

4. Os premios e recoñecementos que se outorguen axustaranse aos seguintes epígrafes:

- MELLOR DEPORTISTA MASCULINO ELITE, MELLOR EQUIPO ou MELLOR EMBARCACIÓN (relevancia nacional e internacional)
- MELLOR DEPORTISTA MASCULINO *AMATEUR*, MELLOR EQUIPO ou MELLOR EMBARCACIÓN (relevancia nacional e internacional)
- MELLOR DEPORTISTA FEMININA ELITE, MELLOR EQUIPO ou MELLOR EMBARCACIÓN (relevancia nacional e internacional)
- MELLOR DEPORTISTA FEMININA *AMATEUR*, MELLOR EQUIPO ou MELLOR EMBARCACIÓN
- MELLOR PROMESA MASCULINA
- MELLOR PROMESA FEMININA
- MELLOR CLUBE
- MENCIÓN AO DEPORTE ALTERNATIVO OU MINORITARIO
- MENCIÓN A UNHA VIDA ADICADA AO DEPORTE
- MELLOR ADESTRADOR
- MENCIÓN AO EQUIPO DIRECTIVO
- MENCIÓN AO CLUBE POLO TRABALLO COA BASE
- MENCIÓN AO MEDIO DE COMUNICACIÓN
- MENCIÓN AO PATROCINADOR
- MELLOR EVENTO DEPORTIVO
- MELLOR COLABORADOR LOCAL

Os finalistas en cada modalidade subirán ao escenario e recibirán un diploma acreditativo. A continuación procederase á entrega do premio ao gañador.

5. O Ilmo. Concello do Grove poderá outorgar premios ou distincións con carácter extraordinario, nos distintos apartados, se o considera oportuno.

6. A listaxe de nominados farase pública como mínimo unha semana antes da celebración da gala.

7. O acto de entrega de premios celebrase o 30 de marzo de 2011.

8. Ao acto de entrega convidarase a representantes da Corporación Municipal, autoridades deportivas, deportistas e clubs galardoados, ás entidades deportivas que realizaran as propostas e aos medios de comunicación.

9. Os mellores deportistas locais teñen que estar empadroados no concello do Grove, aínda que non compitan por clubs locais.

10. Son mellores Promesas os de categoría inferior a Sénior no 2011.

11. Haberá tres finalistas por categoría

12. A proposta das propias entidades (ata o día 28), entregarase diplomas aos logros deportivos máis relevantes, dos equipos locais, durante o 2011.